

norvietnamita (do el. comp. *nor-*, ‘do norte’ + *vietnamita*) s. **1.** Natural ou habitante do antigo Vietnam do Norte. **2.** *adx.* Propio, pertencente ou relativo ao antigo Vietnam do Norte e aos seus habitantes.

nos¹ (da prep. *en* + artigo determinado masculino plural *os*) Contracción de *en* (preposición) e *os* (artigo).

nos² (do acusativo pl. lat. *nōs* ou dativo *nōbis*) *pron. pers.* Pronome persoal átono de primeira persoa plural, masculino e feminino, forma do dativo e do acusativo.

nós (do nominativo pl. lat. *nōs*) *pron. pers.* Pronome persoal tónico de primeira persoa do plural; forma de suxeito e de complemento con preposición. *Sin.* *Cf. nosoutros.*

nos (*f. sg. nosa; m. pl. nosos; f. pl. nosas*) (do lat. *nostra, nostra*) *pos.* Formas do posesivo correspondente á primeira persoa plural (nós, nosoutros -as). Exprésa a posesión ou pertenza atribuída a dúas ou máis persoas, incluída a que fala.

noso- (do gr. *noso-* [por ex. en *nosocómio*] < gr. *nóso*, ‘doenza, enfermidade; molestia’) *el. comp.* Elemento de composición de palabras de orixe grega que chega a idea ou significación de ‘doenza, enfermidade’ ou ‘molestia’ (por ex., *nosoloxía*).

nosoloxía (do el. comp. *noso-*, ‘enfermidade, doenza’ + el. comp. *-loxía*, ‘ciencia, estudo, tratado’) *f.* Parte da medicina que describe, diferencia e clasifica as enfermidades.

nosopai (de *noso* + *pai*, primeiras dúas palabras con que principia esta oración) *m.* Oración que Xesus Cristo lles aprendeu aos seus discípulos e que empeza dese xeito.

nosoutros -as (de *nós* + *outros*) *pron. pers.* Pronome persoal tónico de primeira persoa de plural; forma de suxeito ou de complemento con preposición. Delimita un grupo cerrado, establecido no contexto ou coñecido polo interlocutor, e deixa fóra dese plural a todos os que non pertencen a ese grupo. Na maioría do territorio equivale a **nós**.

nostalxía (do gr. *nóstos*, ‘regreso’ + el. comp. *-alxía*, ‘dor’) *f.* **1.** Sentimento de tristeza ao verse ausente da patria ou dos seres queridos, ou ao lembrar un tempo pasado. **2.** Tristeza melancólica polo recordo dun ben perdido. *Cf. morriña, señardade, soidade.*

nota (do lat. *nota*) *f.* **1.** Marca ou sinal que se pon nunha cousa. **2.** Advertencia, explicación, comentario ou noticia que en impresos ou manuscritos vai fóra do texto. **3.** Breve comunicación escrita. **4.** Cada unha das cualificacións que se conceden nun exame. **5.** Noticia breve que se insire nos xornais. **6.** Apuntamento que se toma para recordar algo. **7.** Calquera dos signos que usan os músicos para representar os sons. **8.** Son representado por este signo. **9.** Minuta ou conta. **10.** *fig.* Aspecto, detalle característico. **11.** Fama, creto. **12.** Elemento que contrasta co resto dun grupo. • **De mala nota** *fig. e col.* De mala reputación.

notábel ou **notable** (do lat. *notabile*) *adx.* **1.** Digno de atención, de ser notado ou considerado. *Sin. apreciable, considerable, importante, sensible.* *Ant. insignificante.* *Cf. notorio.* **2.** *m.* Nos exames, cualificación intermedia entre ben e sobresaliente. **3.** *m. pl.* Persoas principais nunha localidade ou nunha colectividade.

notación (do lat. *notatiōne*) *f.* **1.** Anotación. **2.** Escritura musical. **3.** Sistema de signos convencionais que se adopta para expresar certos conceptos matemáticos.

notar (do lat. *notāre*, ‘marcar, sinalar; escribir, trazar caracteres; notar, observar; notar, advertir, decatarse; designar, indicar; censurar, tachar, reprobado’) *v. tr.* **1.** Sinalar ou

marcar unha cousa. **2.** Darse conta de, percibir algo polos sentidos. *Sin. advertir, observar.* *Cf. decatarse, reparar.* **3.** Apuntar brevemente unha cousa para ampliala ou recordala despois. **4.** Poñerlle notas a un escrito.

notaría (de *notario*) *f.* **1.** Profesión de notario. **2.** Oficina onde despacha a notaría ou o notario.

notario -ria (do lat. *notariū*, ‘secretario; copista’) *s.* Funcionario público autorizado para dar fe dos contratos, testamentos e outros actos extraxudiciais.

noticia (do lat. *notitiā*, ‘notoriedade; coñecemento, noticia; idea, noción, concepto’) *f.* **1.** Noción, coñecemento adquirido dalgunha cousa. **2.** Divulgación ou publicación dun feito. **3.** O feito divulgado. ♦ *Sin. nova¹, novidade.*

noticario (de *noticia*) *m.* **1.** Aquilo que dá noticias. **2.** Programa de radio ou televisión no que se dan noticias. *Sin. parte.* **3.** Sección dun periódico na que se dan noticias diversas, xeralmente breves.

notificación (de *notificar*) *f.* **1.** Acción e efecto de notificar. **2.** Documento no que se fai constar.

notificar (do lat. *notificāre*, ‘facer coñecido’) *v. tr.* **1.** Comunicar oficialmente unha resolución dun xuíz ou dunha autoridade. *Sin. oficiar.* **2.** Comunicar algunha noticia, facer saber algo. *Sin. avisar, comunicar, participar.*

noto (do gr. *nótos*, polo lat. *notu*) *m.* Vento do sur, entre os antigos romanos.

notocordo (do gr. *nōtos*, ‘costas, dorso’ + el. comp. *-cordo*, ‘corda’, neste caso na súa acepc. *9*) *m.* Eixo esquelético que se estende ao longo do corpo dos cordados, entre o tubo dixestivo e a medula espiñal, ben de xeito permanente ou ben só no estado embrionario. *Sin. corda dorsal.*

notoriedade (de *notorio*) *f.* Fama, celebridade, ou feito de ser algún moi coñecido.

notorio -ria (do lat. *notoriū*) *adx.* Público e sabido de todos. *Sin. claro, evidente, manifesto, patente.* *Cf. notable.*

nótula (do lat. *notūla*, dim. de *nota*) *f.* Pequena nota, anotación curta, comentario.

noucentisme (do cat. *noucentisme*, ‘novecentismo’) *m.* Movemento cultural catalán de carácter rexeneracionista que se desenvolveu no primeiro terzo do s. XX, como reacción fronte ao modernismo.

nóumeno *m.* Segundo Kant, concepto da cousa en si por contraposición ao fenómeno, que é a súa manifestación externa.

noutra (da prep. *en* + indefinido feminino singular *outra*) Contracción de *en* (preposición) e *outra* (indefinido).

noutro (da prep. *en* + indefinido masculino singular *outro*) Contracción de *en* (preposición) e *outro* (indefinido).

noutronte (de *no outro onte*) *adv.* Antonte.

nouveau roman (do fr. *nouveau roman*, ‘nova novela’) *f.* Movemento literario xurdido na novelística francesa a finais dos anos cincuenta (N. Sarraute, A. Robbe-Grillet, M. Butor etc.), que propoñía a descrición minuciosa da realidade, eliminando a subxectividade narrativa.

nouvelle vague (do fr. *nouvelle vague*, ‘nova onda’) *f.* Movemento cinematográfico francés xurdido na década dos cincuenta (F. Truffaut, A. Renais, J. L. Godard), caracterizado polo seu anticonvencionalismo.

nova¹ (de *novo*) *f.* **1.** Noción, coñecemento adquirido dalgunha cousa. **2.** Divulgación ou publicación dun feito. **3.** O feito divulgado. ♦ *Sin. noticia, novidade.*

nova² (do lat. *nova*, fem. de *novu*, ‘novo’) *f.* Estrela que adquire temporalmente un brillo superior ao normal seu.

novacianismo (do antropolónimo *Novaciano*, sacerdote e teólogo romano do s. III + suf. *-ismo*) *m.* Doutrina de Novaciano e os seus discípulos (ss. III-VIII), que negaban a facultade da Igrexa de perdoar certos pecados moi graves.

novatada (de *novato*) *f.* **1.** Broma pesada que os veteranos lles gastan aos compañeiros novos. **2.** Contrariedade ou tropezo provocado pola inexperiencia.

novato -a (do lat. *novātu* < lat. *novu*, ‘novo’) *adx. e s.* Novo ou principiante en calquera actividade ou materia. *Sin. novel, principiante.* *Ant. veterano.* *Cf. inexperto.*

noventa (do lat. *noventa*) *num.* **1.** Oito máis un. **2.** Ordinal e partitivo de noventa. *Sin. nono, noveno.* **3.** *m.* Signo (9) con que se representa o devandito número.

novacentos -as (de *nove* + *centos*, *centas*) *num.* **1.** Nove veces cen. **2.** Que nunha serie ocupa o lugar número novecentos. *Sin. noninxentésimo.* **3.** *m.* Conxunto de signos (900) con que se representa este número.

***novidade** *f.* **novidade.**

novel (do cat. *novell*, ‘novo’ < lat. *novellu*, ‘novo, mozo; novo, recente’ < lat. *novu*, ‘novo’) *adx.* Que está nos inicios da súa profesión, ou que realiza as primeiras experiencias nunha determinada actividade. *Sin. inexperto, novato, principiante.*

novela (do it. *novella*, ‘noticia; relato’) *f.* **1.** Obra literaria en prosa, de extensión considerable, na que se narra unha acción ficticia en todo ou en parte. Tivo as súas orixes nas epopeas medievais e consolidouse como xénero literario no s. XIX. **2.** Xénero literario no que se inclúen estas obras. **3.** *fig.* Ficción ou mentira. • **Novela de cabalarías** A que conta xestas dos cabaleiros andantes; a súa máxima e crítica culminación é *Don Quijote de la Mancha*. **Novela de ciencia ficción** A que, inspirándose nos progresos da técnica, narra cousas extraordinarias do futuro. **Novela histórica** A que evoca ambientes ou personaxes históricos, aínda que con episodios inventados. **Novela picaresca** A que conta, normalmente en primeira persoa, as andanzas dun pícaro. **Novela policíaca** A que se basea nun crime e no seu esclarecemento.

novelisco -a (de *novela*) *adx.* **1.** Pertencente ou relativo á novela. **2.** Que parece de novela polo extraordinario, asombroso ou interesante; que ten esas características.

novelista (de *novela* + suf. *-ista*, ‘que fai ou realiza’) *s.* Persoa que escribe novelas.

novelística (de *novela* + suf. *-ística*, ‘tratado de, estudo de’) *f.* **1.** Tratado histórico ou preceptivo da novela. **2.** Literatura novelesca.

novelístico -a (de *novela* + suf. *-ístico*, ‘pertencente a ou relativo a’) *adx.* Pertencente ou relativo á novela.

novelo -a (do lat. *novellu*, ‘novo, mozo; novo, recente’ < lat. *novu*, ‘novo’) *s.* Cría da vaca, entre dous e tres anos. *Sin. xovenco.* *Cf. cuxo¹, vitelo.*

novembro (dun lat. vulg. **novembri* < lat. *novembre* [< lat. *nove*, ‘nove’, por ser este o noveno mes do ano no cómputo romano]) *m.* Undécimo mes do ano, con 30 días. *Sin. (mes de) san Martiño, (mes de) santos.*

novena (do lat. *novēna*, fem. de *novēnu*) *f.* Práctica relixiosa que consiste en rezar e facer outras cerimonias durante nove días.

novenario (do lat. *novenariū*, ‘que consta de nove’) *m.* **1.** Período de nove días que se emprega para rezar polos mortos. **2.** Funeral do noveno día despois da morte.

noveno -a (do lat. *novēnu*) *num.* **1.** Ordinal e partitivo de nove. *Sin. nono, nove.* **2.** *adx. e m.* (Dise de) cada unha das nove partes iguais dun todo.

noventa (do lat. *nonaginta*, ‘noventa’, polo lat. vulg. **novaginta*, por mor do cruzamento ou influencia de *nove*) *num.*

1. Nove veces dez. **2.** Que nunha serie ordenada ocupa o lugar número noventa. *Sin. nonaxésimo.* **3.** *m.* Conxunto de signos (90) con que se representa o devandito número.

***noviazgo** *m.* **noivado.**

noviciado (do lat. *noviciū*, ‘novo, recente’) *m.* **1.** Tempo de proba que precede á profesión relixiosa. **2.** Casa na que habitan os novizos, conxunto deles e réxime ao que se someten. **3.** *fig.* Tempo que dura unha aprendizaxe.

novidade (do lat. *novitiāte*) *f.* **1.** Calidade de novo. **2.** Suceso recente, ou información sobre el. *Sin. noticia, nova.* **3.** Cambio introducido ou xurdido en algo. **4.** Admiración que provocan as cousas novas. **5.** *pl.* Xéneros ou mercadorías que están de moda, ou que son novos nunha actividade, campo etc.

novidoso -a (de *novo*) *adx.* Que representa unha novidade. ***novillo -a** *s.* **novelo.**

novilunio (do lat. tard. *novilunū* < lat. *novu*, ‘novo’ + lat. *lūna*, ‘lúa’) *m.* Fase da Lúa en que esta se atopa entre a Terra e o Sol, polo que a súa cara iluminada non se pode ver desde a Terra. *Sin. lúa nova.*

novío (de *novo*) *m.* Terreo que se queima para o converter en labradío.

***novio -via** *s.* **noivo.**

novizo -a (do lat. *noviciū*, ‘novo, recente’) *s.* Persoa que tomou o hábito, pero que aínda non profesou en relixión.

novo -a (do lat. *novu*) *adx.* **1.** Recentemente feito ou fabricado. **2.** Que se ve ou se oe por primeira vez. **3.** Repetido ou reiterado para renoval. **4.** Distinto do que antes se aprendera. **5.** Que se engade ao que xa había antes. **6.** Dise do que está pouco ou nada usado. **7.** Que ten pouco tempo de vida ou que non é vello. **8.** Que ten menos idade ou tempo que outro(s) co que se compara ou se relaciona. *Ant. vello.* **9.** *adx. e s.* Acabado de chegar a un lugar. **10.** *pl.* A xente nova. • **De novo** Outra vez, reiteradamente. **Xente nova** Mocidade, xuventude. **Novo do trinque** Recén estreado.

noxento -a (de *noxo*) *adx.* Que causa noxo. *Sin. repelente, repugnante.* *Cf. nauseabundo, repulsivo.*

noxo (do lat. *in odium*, con aférese vocálica) *m.* **1.** Sensación de repugnancia que provoca náuseas ou vómitos. **2.** *fig.* Sensación desagradable ante unha cousa que repugna. **3.** *fig.* Cousa que repugna, dá fastígio ou aborrece. ♦ *Sin. fastio, repugnancia.* • **Estar que dá noxo** Estar moi suízo, estragado ou deteriorado. **Facer noxos** Desprezar.

noz (do lat. *nuce*, ‘todo froito con casca; noz, concho, cuncho; nogueira’) *f.* **1.** Froito da nogueira. É unha drupa ovoide duns 3-4 cm, de casca dura dividida en dúas metades e cunha soa semente, comestible. *Sin. concho, cuncho.* **2.** Froito seco de pericarpo duro. **3.** Prominencia que forma o cartilago tiroide na parte anterior do pescozo do home adulto. *Sin. mazá de Adán, nó da gorxa.* **4.** Peza movable que no extremo inferior do arco de instrumentos musicais mantén tensas as cordas. • **Noz moscada** Froito da mirística, que se emprega como especia.

-*nta* *suf.* **V. -nte.**

-nte (do lat. *-nte*, terminación dos chamados participios activos ou participios de presente) *suf.* Elemento sufixal de orixe latina que entra na formación de certos adxectivos deverbiais

—algúns deles posteriormente lexicalizados como substantivos— achegando a idea ou significación de ‘que realiza, executa ou dá conta da acción expresada pola base léxica’ (por ex., *tranquilizante*). Nalgún caso de forma substantivada desenvolveuse unha terminación analóxica de feminino en *-nta* (por ex., *dependenta*).

nu (f. *núa*) (do lat. *nūdu*) *adx.* **1.** Que está sen roupa. *Sin. espido.* **2.** Desprotexido, sen abeiro. **3.** Sincero, sen dobrez. **4.** Sen vexetación. **5.** Sen adornos ou engadidos. **6.** Claro, evidente, sen disface. **7.** *m.* Representación artística do corpo humano espido. *Sin. espido.*

nubarrón (de *nube*) *m.* Nuboeiro.

nube (do lat. *nūbe*) *f.* **1.** Masa de vapor de auga suspendida na atmosfera, constituída por pequenas gotas de auga ou por partículas microscópicas de xeo. **2.** Agrupación de cousas, como fume, po, insectos, aves etc., que poden escurecer o sol. **3.** *fig.* Abundancia, multitude dunha cousa. **4.** O que escurece ou encobre algunha cousa. **5.** Pequena mancha esbrancuxada que se forma na capa exterior da córnea. ♦ *Sin. nubre.* • **Nube de verán** **1.** A que produce chuvia forte, repentina e de escasa duración. **2.** Desgusto pasaxeiro. **Estar nas nubes** Estar distraído. **Estar polas nubes** Estar moi caro. **Poñer polas nubes** Gabar intensamente.

nubeira (de *nube*) *f.* Especie de meiga ou bruxa que atrae a tempestade para que caia a chuvia ou a sarabia sobre os campos.

nubeiro (de *nube*) *m.* *Mit. Gal.* Especie de trasno ou espírito maligno que habita no aire, ao que a mitoloxía galega lle atribúe o poder de producir a treboada e dirixir os lóstregos. *Sin. nigromante, nuboeiro.*

núbil (do lat. *nubīle*) *adx.* En idade de casar.

nubio -bia (de *Nubia*, topónimo) *s.* **1.** Natural ou habitante de Nubia, rexión do NE de África, correspondente á parte setentrional do estado de Sudán e ao extremo sur de Exipto. **2.** *adx.* Propio, pertencente ou relativo a Nubia e aos seus habitantes.

nuboeiro (de *nube*) *m.* **1.** Nube grande e densa, separada das outras. *Sin. nubarrón.* **2.** *Mit. Gal.* Especie de trasno ou espírito maligno que habita no aire, ao que a mitoloxía galega lle atribúe o poder de producir a treboada e dirixir os lóstregos. *Sin. nigromante, nuboeiro.*

***nuboso -a** *adx. nubrado.*

nubrado -a (de *nubrar*) *adx.* **1.** Aplícaselle ao ceo cuberto de nubes. **2.** *fig.* Pouco claro, confuso. ♦ *Sin. anubrado, nebuloso.* **3.** *m.* Nube que ameaza tempestade.

nubrar (do lat. *nubilāre*, ‘nubrarse, anubrarse’) *v. tr. e pr.* **1.** Cubrir, ou cubrirse, de nubes. *Sin. toldar(se), turbar(se).* *Ant. clarear.* **2.** *fig.* Volver, ou volverse, escuro ou confuso. ♦ *Sin. anubrar(se).*

nubre (dun cruzamento entre *nube* e *nubrar*) *f.* Nube.

***nuca** *f. caluga.*

nuclear (de *núcleo* + suf. *-ar*) *adx.* **1.** Pertencente ou relativo ao núcleo das células vivas. **2.** *Fís.* Pertencente ou relativo ao núcleo atómico e á súa fisión. **3.** Que utiliza enerxía nuclear. • **Enerxía nuclear** A liberada dos ácidos atómicos que se desintegra radioactivamente. **Física nuclear** A que estuda as reaccións dos núcleos atómicos. **Reactor nuclear** Parte esencial dunha instalación nuclear que contén a substancia escindible.

nucleico -a (de *núcleo* + suf. *-ico*, ‘relativo a, que se refire a, que ten relación con’, e que tamén indica ácido)

adx. Propio do núcleo ou relativo a el. • **Ácidos nucleicos** Ácidos formados por unha cadea de nucleótidos, de orixe natural, que se atopan nos núcleos das células vivas. Regulan a síntese das proteínas e a transmisión dos caracteres hereditarios. Os dous principais son o ácido desoxirribonucleico (ADN) e o ácido ribonucleico (ARN).

núcleo (do lat. *nuclēu*, ‘semente ou miolo dos froitos de casca dura; carabuña’) *m.* **1.** Semente dos froitos con casca dura. **2.** Semente das froitas. **3.** Elemento ao que se lle engaden outros para formar un todo. **4.** Parte central dunha cousa. **5.** Parte máis densa e luminosa dun astro. **6.** Parte interna do globo terrestre. **7.** Persoa ou cousa na que se concentra o interese, a atención etc. **8.** Grupo de persoas que teñen algo en común e que se caracteriza pola súa forte cohesión. **9.** Lugar, zona etc. en que se desenvolve unha maior actividade ou un maior número de actividades. **10.** *Biol.* Corpúsculo contido no citoplasma das células. **11.** *Fís.* Parte central do átomo, que contén a maior porción da súa masa e posúe unha carga eléctrica positiva. Está constituído por protóns e neutróns.

nucleólo (do lat. *nucleōlu*, dim. de *nuclēu*) *m.* Corpúsculo diminuto, único ou múltiple, situado dentro do núcleo celular.

nucleón (de *núcleo* + suf. *-ón*, usado na nomenclatura de partículas elementais no eido das ciencias físicas) *m. Fís.* Cada unha das partículas elementais (neutróns ou protóns) que constitúen os núcleos atómicos.

nucleótido (de *núcleo* + elemento de ligazón *-t-* + suf. *-ido*) *m.* Composto elemental dos ácidos nucleicos, formado por unha molécula de fósforo e unha de pentosa, máis unha base nitrogenada púrica ou pirimidínica.

núclido (de *núcleo* + suf. *-ido*) *m. Fís.* Corpo simple no que os átomos presentan o mesmo número de protóns nucleares e o mesmo número de neutróns, co cal se caracterizan por teren un número atómico (Z) e número másico (A) determinados.

nud- (do lat. *nudu*, ‘nu’) *el. comp.* Elemento de composición de palabras de orixe latina que achega a idea de ‘nu, espido’ (por ex., *nudismo*). Utilízase cando segue vogal, e presenta distribución complementaria co alomorfo *nudi-*. **V. nudi-**. **nudez** (do el. comp. *nud-*, ‘nu, espido’ + suf. *-ez*, que indica calidade ou estado de) *f.* Estado e característica das cousas e persoas núas.

nudi- (do lat. *nudu*, ‘nu’) *el. comp.* Elemento de composición de palabras de orixe latina que achega a idea de ‘nu, espido’ (por ex., *nudibranquio*). Presenta distribución complementaria co alomorfo *nud-*. **V. nud-**.

nudibranquio -quia (do el. comp. *nudi-*, ‘nu, espido’ + el. comp. *-branco*, ‘branquias’) *m.* **1.** Exemplar dos nudibranquios. **2.** *m. pl.* Grupo de moluscos gasterópodos opistobranquios de pequeno tamaño e cores brillantes, sen cuncha e sen branquias. **3.** *adx.* Propio, pertencente ou relativo a estes moluscos.

***nudillo** *m. cotelo.*

nudismo (do el. comp. *nud-*, ‘nu, espido’ + suf. *-ismo*) *m.* Práctica da nudez ao aire libre como forma psicofísica de hixiene, profilaxe e contacto coa natureza.

nudista (do el. comp. *nud-*, ‘nu, espido’ + suf. *-ista*, ou quizais de *nudismo*, con troco do suf. *-ismo* por *-ista*) *adx.* **1.** Pertencente ou relativo ao nudismo. **2.** *s.* Persoa que practica o nudismo.

***nudo** *m. nó.*

***nuera** *f. nora*¹.

***nuestro -a** *pos. noso.*

***nuez** *f. noz.*

nugalla (dun lat. vulg. **nugalīa* < lat. *nuga*, ‘miudezas, insignificancias, liliñas, caralladas; persoas simples ou frívolas’) *f.* Falta de vontade ou enerxía para emprender algunha tarefa ou para se mover. *Sin. desidia, ociosidade, galbana, maiola, preguiza.*

nugallán -á (de *nugalla*) *adx. e s.* (Dise de) quen rexeita o traballo, de quen non o ve con agrado e foxe del. *Sin. badanas, baleigán, camándula, folgazán, galbán, gandulo, lacaceiro, lacazán, lerchán, lorán, lorcho, loubán, mamalón, mangallón, mangante, manguelo, moulón, preguiceiro, preguizoso, truán, vago. Ant. traballador.*

nulidade (de *nulo* + suf. *-idade*, que indica calidade ou estado de) *f.* **1.** Calidade ou estado de nulo. **2.** Vicio ou defecto que diminúe ou anula a validez dun acto ou documento. **3.** Incapacidade ou ineptitude. **4.** Persoa incapaz, inepta, sen mérito ningún.

nulo -a (do lat. *nullu*) *adx.* **1.** Ineficaz, sen valor. **2.** Incapaz, non apto. **3.** Que non ten efecto legal.

numantino -a (do lat. *numantīnu*) *s.* **1.** Natural ou habitante da antiga cidade de Numancia. **2.** *adx.* Propio, pertencente ou relativo a esta cidade e aos seus habitantes. **3.** *fig.* Dise do que se defende con paixón, ata as últimas consecuencias.

nume (do lat. *numīne*) *m.* **1.** Calquera das divindades pagás. **2.** Inspiración do artista ou escritor.

numeración (do lat. *numeratiōne*) *f.* **1.** Acción e efecto de numerar. **2.** Sistema para expresar de palabra ou por escrito todos os números. • **Numeración arábica** ou **decimal** Sistema hoxe universal que, co valor absoluto e a posición dos dez signos (do 0 ao 9) introducidos polos árabes, pode expresar calquera cantidade. **Numeración romana** A que usaban os antigos romanos e que expresa as cantidades mediante sete letras: I (1), V (5), X (10), L (50), C (100), D (500) e M (1000).

numerador -ora (do lat. *numeratōre*, ‘contador, persoa que conta’) *adx. e s.* **1.** Que, ou o que, numera. **2.** *m. Aritm.* Algarismo que sinala o número de partes iguais da unidade, que contén un quebrado. **3.** Aparello con que se marca a numeración correlativa.

numeral (do lat. *numerāle*) *adx.* **1.** Pertencente ou relativo ao número. **2.** *m.* Palabra pertencente a unha clase lingüística que sinala ou indica unha cantidade numérica. Poden ser cardinais, ordinais, partitivos ou multiplicativos.

numerar (do lat. *numerāre*, ‘numerar, enumerar, contar; contar diñeiro; ter, posuír, contar con; considerar, estimar’) *v. tr.* **1.** Marcar con números. **2.** Contar pola orde dos números. **3.** Expresar con números unha cantidade.

numerario -ría (do lat. *numerariū*) *adx.* **1.** Relativo ao número. **2.** *adx. e s.* (Dise do) empregado con carácter fixo nun cadro de persoal.

numérico -a (do lat. tard. *numericū*) *adx.* **1.** Pertencente ou relativo aos números. **2.** Que está expresado en números. **3.** Que está considerado en canto ao número ou á cantidade.

número (do lat. *numĕru*) *m.* **1.** Expresión da cantidade computada con relación a unha unidade. **2.** Cifra. **3.** Categoría ou clase. **4.** Cantidade indeterminada. **5.** Billete para unha

rifa ou lotaría. **6.** Parte dun espectáculo. **7.** Nas publicacións periódicas, cada unha das aparecidas en distinta data de edición. **8.** Membro da garda civil ou da policía. **9.** Accidente gramatical polo que as palabras variables expresan unidade ou pluralidade. **10.** Acción que provoca asombro ou escándalo. • **Número arábico** ou **número arábigo** Cada un dos números da numeración arábica. *O 7 é un número arábigo.*

Número atómico *Fís. Nucl.* Número de protóns que contén o núcleo do átomo dun elemento químico. Símbolo Z.

Número cardinal Cada un dos números enteiros en abstracto. *Oito, mil.* **Número decimal** O referido ás fraccións decimais da unidade. **Número de masa** Número másico.

Número másico *Fís. Nucl.* Aquel que indica o número total de protóns e neutróns que ten un núcleo atómico. Coincide co número enteiro máis próximo á masa atómica do elemento en cuestión, e simbolízase como A. *Sin. número de masa.* **Número ordinal** O que expresa ideas de orde ou sucesión. *Primeiro, sexto.* **Número primo** O que só é divisible pola unidade e por si mesmo. **Número romano** Cada un dos números da numeración romana. *I e V son números romanos.* **Número un** O primeiro, o mellor.

numeroso -a (do lat. *numerosu*, ‘numeroso, abundante, copioso; rítmico’) *adx.* **1.** Que inclúe gran número de cousas. **2.** *adx. pl.* Moitos, gran cantidade.

numerus clausus (do lat. *numerus clausus*, ‘número pechado, número cerrado’) *m.* Número limitado de alumnos que admite unha facultade ou escola.

númida (do lat. *numīda* < topónimo lat. *Numidia*) *s.* **1.** Natural ou habitante de Numidia, antiga rexión do norte de África. **2.** *adx.* Propio, pertencente ou relativo a Numidia e aos seus habitantes. ♦ *Sin. numídico.*

numídico -a (do lat. *numīdicu*, ‘de Numidia’) < topónimo lat. *Numidia*) *s. e adx.* Númida.

numismática (de *numismático*) *f.* Ciencia que trata do coñecemento das moedas e medallas, principalmente das antigas.

numismático -a (do lat. *numisma*, ‘moeda; medalla’ [< gr. *nomisma*, ‘moeda de curso legal’] + elemento de ligazón *-t-* + suf. *-ico*, ‘relativo a, que se refire a, que ten relación con’) *adx.* **1.** Pertencente ou relativo a moedas e medallas, ou á numismática. **2.** *s.* Persoa que se dedica a estudar eses obxectos.

numular (do lat. *nummūlu*, dim. de *nummu*, ‘moeda; diñeiro’ + suf. *-ar*) *adx.* Referente á moeda cunhada.

numulita (do lat. *nummūlu*, dim. de *nummu*, ‘moeda; diñeiro’, por mor da semellanza da súa cunha cunha moeda + suf. *-ita*, utilizado na formación de nomes de minerais, neste caso aplicado a un fósil) *f.* Protozoo foraminífero fósil, que viviu no período eoceno, con cuncha semellante a unha moeda.

nun (da prep. *en* + artigo indeterminado masculino singular *un*) Contracción de *en* (preposición) e *un* (artigo indeterminado).

nunca (do lat. *nunqua* ou *numqua*) *adv. t.* **1.** En ningún tempo. **2.** Ningunha vez. ♦ *Sin. endexamais, xamais.* • **Nunca máis** *loc. adv.* En ningún tempo, con sentido enfático ou a partir dun determinado momento.

nunciatura (do lat. *nuntiātu*, part. perf. de *nuntiāre*, ‘anunciar, comunicar, avisar; ordenar, mandar’ + suf. *-ura*) *f.* **1.** Cargo ou dignidade do nuncio. **2.** Casa na que vive o nuncio. **3.** En España, Tribunal da Rota.